



Escola de Olimpio Arca

Un modelo de convivencia veciñal

Texto: **Gema Borrajo**

Fotografía: **Fernando Bellas**

Exerce como mestre na escola de Couso (A Estrada), converténdoa nun magnífico modelo de participación comunitaria. Máis de tres décadas de traballo e numerosos premios, acredítano como mestre senlleiro e incansable investigador na comarca. O seu empeño por dignificar a identidade e mellorar o nivel cultural da zona, convérteno en persoa admirada e querida, tanto polos alumnos, como polos veciños.



museo
pedagógico
de galicia



Don Olimpio di que a súa incorporación á profesión docente se produce de maneira tardía. En realidade ten 32 anos cando se fai cargo da súa primeira escola en Torea (Muros). Antes foi ferroviario e empregado de banca. "Acabada a carreira de Maxisterio, había que pensar en gañar un salario para vivir, e a primeira oportunidade que se me presentaba eran unhas oposicións a factor da Renfe". Aínda que gañaba o suficiente, durante ese tempo tamén dá clase nunha academia e a todo aquel que se lle achega a pedir axuda, co que vía satisfeita a súa vocación.

Sempre entendeu o seu labor como algo máis que transmitir os saberes propios da época. Para el un educador debe conseguir que a personalidade de cada neno e de cada nena se manifeste e se desenvolva en todas as dimensións posibles. Asegura que aprendeu isto do seu mestre Aurelio Rey, ao


que recorda con admiración e respecto. “Ensinoumo co seu exemplo, que é a mellor maneira de dar unha lección”.

E precisamente de aí, emanan os principios que inspirarían o seu traballo na escola de Couso:

Aprender a ser libres

O que entende como un dos fins primarios da educación e cre que só se pode acadar cando o educador mantén unha actitude respectuosa cara aos alumnos. Con esa idea de partida, propicia na clase o contraste de pareceres, promove diálogos sobre situacións acaecidas no contorno, toma en consideración as opinións máis dispares e promove consensos que lles permitan aos rapaces sacar conclusións.


“O mestre debe exercer unha autoridade doce, como se tivese diante un fillo”. De aí que os castigos non teñan cabida na súa maneira de ensinar. “Nin os físicos, nin os morais. Cando tiña que reprender un rapaz, facíao a soas para protexer a súa dignidade. Isto resulta fundamental, se queremos que se respecten entre eles”. Considera que nun ambiente afable, a persoa se sente máis creativa, afirma a súa personalidade e valora os demais”. Sempre entendeu a educación como un proceso natural e afectivo no que deben imperar o diálogo e a razón.



Todos temos algunha aptitude que se debe potenciar

Ningún neno, dende o máis ata o menos dotado, lle pasaba inadvertido. Cando algún daba sinais de dificultade, observábase, dedicábase a rastrexar o seu contorno: entrevistaba os pais, investigaba o ambiente familiar para pescudar as posibles causas. Naquela escola viviu de cerca os problemas emocionais que provocaba a emigración en moitos fogares e reconfortaba os alumnos que a padecían, con grandes doses de comprensión e afecto.

O afán por axudar os discípulos que se atopaban en circunstancias difíciles levouno a interesarse polas representacións teatrais. El mesmo escribía as pezas nas que participaban todos. Cando non había personaxes dabondo, dous ou tres representaban o mesmo e, nas diferentes postas en escena, ían cambiando de “actor”. Recorda que había un cativo con pouca memoria. “Nunha obra pedíume o papel máis longo, que compartía con outros dous ou tres. “Pois ben, o voluntario desmemoriado foi quen de aprendelo e actuar á perfección. A partir de aí mudou de actitude no estudo”. Recoñece que algunhas veces sobrevaloraba as aptitudes dos nenos, pero di que así conseguía que fixesen un maior esforzo.



Coñecer o contorno máis próximo

“A aldea e a parroquia constitúen un microcosmos cun patrimonio cultural propio (material e inmaterial), que o alumno debe coñecer para avanzar logo no universal”. O mestre chega a este pensamento a partir da que considera unha triste experiencia persoal. “Rematados os estudos de bacharelato e Maxisterio decátome de que sabía o que traían os libros respecto da xeografía, da historia e da civilización de España, mentres que era un ignorante da miña propia cultura. Estudara os ríos españois, cos seus afluentes pola dereita e pola esquerda, e na xuventude puiden comprobar que tiñan menos caudal que o noso Ullia. Para min o Ulla estaba orfo, porque nos libros non aparecían nin o Deza nin o Arnego”. Asegura que tamén soubera do motín de Esquilache e da xesta do “Dous de maio”, pero non sabía nada da rebelión dos Irmandiños, nin dos “heroes e mártires parroquiais da Guerra da Independencia”. Estudara a Isaac Peral e a Santiago Ramón y Cajal, mais ignoraba a patria do mestre Vázquez Queipo e a de Ramón Verea García, o inventor da máquina de cálculo. “Ou sexa, medrara coma todos os galegos, orfo de autoestima”.

Por iso o descubrimento do contorno, dos sinais de identidade do noso pobo, como os hórreos, os castros, os cruceiros, o carro, ou os apeiros de labranza chegaron a constituir un dos eixes do seu traballo: numerosos estudos etnográficos, presentados logo a diversos concursos do Museo de Pontevedra, permitíronlles aos rapaces das parroquias de Vea e da Estrada coñecer o seu patrimonio artístico, igual que as tradicións vinculadas á festa do Entroido tan arraigada en toda a comarca.



Sentirse orgullosos da cultura e do idioma

Nun principio non impartía as clases en galego (pensemos que exerceu o maxisterio entre 1960 e 1993, e o noso idioma empezou a ensinársese nos centros a partir do 1979). Aínda así, esta era a lingua vehicular na súa escola, xa que todos os alumnos eran do rural e expresábanse nela. As obras de teatro que o mestre escribía para eles, tamén estaban en galego e, na clase, adoitaba alternar as lecturas e facer exercicios de léxico comparando termos nas dúas falas.

Puxo un especial coidado en aloumiñar a historia de Galicia e achegarllela aos rapaces. De aí que aproveitase calquera acontecemento para valorizala. O descubrimento de monumentos alusivos a aviadores ou matemáticos que se atopaban nas distintas localidades da xeografía galega ás que ían de excursión, ou o nome dos colexios aos que acudían para participar nas competicións deportivas, os poemas ou relatos de distintos autores constituían o pretexto perfecto para dar a coñecer a vida e a obra de galegos ilustres. E así comezaron a estar presentes na escola nomes como Domingo Fontán, Juana de Vega, Concepción Arenal, Cornide Saavedra, Rosalía de Castro, o astrónomo Aller, os pilotos Loriga e Ramón Franco, Manuel García Barros, os irmáns Valladares, Asorey, etc.

Tamén vivían a xeografía en contacto coa natureza. De aí deriva o seu programa de excursións aos areas de Corrubedo, Fisterra ou A Lanzada; a cidades como Lugo, Tui, Ferrol, castro de Santa Tegra, Pontearreas...; a encoros como o de Belesar; a mosteiros como Oseira, Aciveiro ou Armenteira.

Amar os libros

"É a porta que abre o edificio da cultura, polo que é esencial fomentar o pracer de ler". Na biblioteca escolar non faltaban as historias de viaxes, inventos, personaxes históricos, poesía, etc. En principio, as obras eran propiedade do mestre e ofrecíaaas en calidade de préstamo. Logo, despois dunha visita á biblioteca do concello, pediulle ao alcalde os volumes máis usados do local para incrementar os fondos. "Pero un día don José Fernández Novoa chegou á escola cunha caixa chea de libros novos".

Dado que o teatro era un compoñente fundamental na pedagogía do mestre, tamén dispoñían, de pezas dramáticas de destacados autores galegos (por exemplo, *A tía Lambida* de Blanco Amor) que ensaiaban e poñían en escena. Xogou asemade un papel importante o teatro lido, chegando a presentar os seus alumnos a concursos nesta categoría, nos que destacaban polo bo nivel.



Promover a escola como proxecto compartido

"A comunidade educativa está composta por pais, alumnos e profesores, e todos debemos ter unha relación fluída e de amizade". Isto era o que lles explicaba aos adultos o primeiro día de escola, despois de presentarse diante dos nenos. Dáballes a palabra ás familias para que se coñecesen entre elas. Naqueles tempos a misa era o lugar de encontro semanal de moitos veciños. Por iso o mestre procuraba ir á igrexa o primeiro domingo e saudar o crego, cuxa presenza resultaba esencial na vida da parroquia. Adoitaba levar preparado un pequeno discurso con algunha nota de humor e, ao mesmo tempo, ofrecerse aos pais para resolver calquera dúbida sobre os nenos.

Os seus esforzos frutificaron en labores comunais e colectivos, como a traída de auga á escola, dende un manancial situado a 1,6 quilómetros; a construción dunha pista de baloncesto, empregada tamén para o baile nas festas patronais; a edificación dunha aula espazosa para atender o oitavo nivel, que se fixo con doazón de 500 pesetas por parte de cada familia; a construción de carrozas para o desfile e concurso das festas da Estrada; a celebración, con asistencia masiva dos veciños, da función de fin de ano; ou a representación de obras de teatro. A actividade da escola chegou a ter tal relevo social, que pasou a ser habitual nas crónicas dos xornais. E así conseguía que os pais a acabasen considerando

como algo de seu.

Na zona exterior do colexio medraban as árbores que plantaran os pais e as nais, e florecían as plantas que puxeran cando se arranxara o patio. O mestre convertérase no mellor interlocutor para conseguir terreos, materiais de construción, farois, xogos e libros, e eles poñían o seu traballo, porque sentían que aquelas melloras eran para todos. "Daba gloria velos nas tarefas de arranxo das instalacións e dos accesos... Tiñan tan asumido o seu papel, polo feito de ser pais, que todo saía de xeito natural". A actitude das familias acabou contaxiándose a todos, inclusive aos que non tiñan nenos nela. Aínda hoxe se mantén vivo o espírito de cooperación e Couso é unha das parroquias con máis unidade veciñal do concello.



Eliminar os prexuízos sexistas

Ata o ano 1969 os rapaces e as rapazas ocupaban locais en distintos lugares, afastados entre si uns novecentos metros. En 1970 entregábanse os novos edificios: dúas escolas unitarias nun terreo común, unha para nenas e outra para nenos. Nos recreos a intromisión masculina molestaba as cativas. O mestre, que medrara entre mulleres, defendeu sempre a igualdade entre sexos. Pensou logo que a fusión e a división por niveis, e non por sexos, podería resolver o problema e optimizar o ensino: cumpría, pois, converter as dúas unitarias en escolas mixtas.

A compañeira, mestra próxima á xubilación, compartía as mesmas ideas, mais temía que a proposta non contase co visto e prace da Administración. Pero os argumentos de Olimpio deberon ser moi contundentes, xa que o propio inspector lle concedía un permiso extraoficial cun lacónico "faiño, pero eu non sei nada". Así foi como a mestra pasou a ocuparse do alumnado de primeiro grao e el quedou cos de segundo e terceiro.

En 1972 comeza a implantarse a segunda etapa, e a escola de Couso transfórmase en agrupamento escolar, baixo a dirección de don Olimpio Arca. Deste xeito facíase realidade a EXB para os nenos e nenas das nove parroquias de Veá, seis anos antes de que a Administración educativa erguese o colexio de Outeiro, actualmente Colexio Público Manuel Villar Paramá.

Memorias da escola

Xoán Manuel Reices Salgado foi un dos alumnos de don Olimpio e lembra así o seu paso pola unitaria de Couso.

Cando don Olimpio chegou á aldea, eu tiña 12 anos. O primeiro recordo que teño del é a súa participación en obras comunitarias, como no saneamento do camiño da escola dende a estrada xeral. Alí había un lameiro inmenso no que os rapaces nos mollabamos acotío, ata que el logrou que viñesen tractores e tractores de pedras e o arranxou. Os veciños quedaban abraidos coa súa capacidade de traballo.

Cando rematei os estudos primarios, animoume a facer o bacharelato. El dábame clase e eu ía examinarme por libre ao instituto da Estrada con outras dúas compañeiras. No verán ensinábanos de balde na súa casa para preparar o curso seguinte. Sempre se sentiu moi fáchendoso de nós e dos nosos éxitos. Recordo a súa ledicia cando me deron unha matrícula de honra en Ciencias Naturais de segundo. E tamén cando me suspenderon en Relixión. Daquela armou tremenda lea no instituto.

Con el conseguimos ter unha escola bonita e cuidada. Nós mesmos fixemos o xardín.

Dividímonos en grupos e cada un encargábase dunha zona. Don Olimpio, que é moi cuco, poñíanos a competir a ver cal facía máis e mellor. O caso é que o noso traballo debeu ser importante porque grazas a el acadamos o premio "Mantenga limpia España", que consistía nunha viaxe á Manga do Mar Menor para o mestre e dous alumnos. Fomos José-Antonio Iglesias Pazos, hoxe xa falecido, e mais eu. Aquilo resultou todo un acontecemento.

Con motivo desa expedición, e supoñendo don Olimpio (e supoñía ben) que descoñecíamos moitos modais, convidounos a xantar na súa casa aos dous "turistas accidentais" e a outro rapaz. Por primeira vez comemos rapantes con pa de peixe e outras cousas novas para uns nenos da aldea. Chegada a sobremesa desa comida educativa, fomos ao cuarto de baño e vimos o váter e o bidé. Tivemos unha conversa científico-dedutiva na que decidimos que o váter, que nós coñecíamos, era para augas maiores, e o bidé, para menores. E despois destas reflexións, mexamos no bidé!

En terceiro de bacharelato, e xa cunha bolsa, empezamos a estudar no instituto da Estrada. Pero nunca deixamos a relación co noso mestre. De feito colaboramos cos veciños na reforma da antiga escola masculina e na construción doutra aula. Recordo a pelexa que tivo don Olimpio ata conseguir o transporte escolar, o tellado para a antiga escola, a cimentación do campo de deportes, as festas da árbore, a participación nos Planteis de Extensión Agraria, as excursións, as carrozas para as festas da Estrada, o escenario no que logo actuabamos, etc. A meirande parte destas actividades preparábalas polas noites ou nas fins de semana, e esta foi unha das razóns polas que eu deixei o fútbol.

O teatro deunos moitas satisfaccións. Faciamos representacións na maioría das parroquias limítrofes e no Hotel de Cuntis (con éxito de público, pero fracaso económico). En Pontevedra puxemos en escena Os reis do Panchiño, A lebre das ánimas, A tía Lambida e A escaleira. Acórdome especialmente dunha actuación en Aguións, na que subimos discutindo ao palco e o público tardou moito tempo en decatarse de que as nosas rifas non eran reais.

A colaboración entre mestre, alumnos, ex-alumnos e veciños foi sempre moi intensa. En 1976 eu marché estudar a Lugo, cumprira 20 anos. Daquela é cando me dei de conta de que a mellor herdanza que nos deixou don Olimpio é a amizade, a solidariedade, o sentimento social e de grupo. Esta foi sempre a marca da casa.

Manuel Correa Calvelo é un veciño de Frades, parroquia do concello da Estrada. Hoxe ten 75 anos e conta o que significou a axuda de don Olimpio para lograr sacar adiante os seus tres fillos.

Eu complementaba a nosa economía familiar, baseada na agricultura, con algunhas horas de traballo como zoqueiro e como músico nunha orquestra, as fins de semana. En principio, os nosos rapaces ían á pequena escola de Frades, onde a mestra aprendía a nenos de todas as idades, dende os máis cativos, de catro anos, ata os mozos de dezaseis. Por aquel entón andábase a falar de cambios no sistema educativo, cando os nosos pequenos aínda manexaban os vellos libros de Álvarez e algunhas enciclopedias, esluídas polo paso dos anos.

Aos nosos oídos chegaron novas do bo facer dun mestre aló na escola de Couso. Quedaba un pouco lonxe da casa, pero parecéunos unha oportunidade para o noso fillo máis vello. E unha mañá de outono collemos a Lambretta e fomos ver a don Olimpio, quen despois dunha entrevista admitiu o rapaz.

Durante o primeiro curso, todos os días facía o percorrido que o separaba do colexio, uns seis quilómetros. Primeiro nunha moto cun veciño ata O Souto de Veá, alí agardaba a que pasase o mestre co seu Gordini, no que, a modo de transporte escolar, levaba outros nenos. O noso xantaba na casa duns familiares e pola tarde facía a ruta ao revés. O primeiro ano simultaneaba o sexto de primaria co primeiro de bacharelato, que estudaba por libre e examinábase na Estrada.


Naquela escola, adquiriu unha moi boa base cultural, pero sobre todo descubriu o que significa o respecto mutuo, o traballo cos demais e, grazas a unhas obríñas de teatro, viaxou pola contorna, algo que nas outras do arredor non acontecía. Supoñí que na cabeza de don Olimpio bulía a idea de facer algo máis que cumprir coas súas obrigas, e así foi como logrou levar a Couso o transporte escolar, nun vello autobús que pagabamos todos os pais. Tamén, pouco a pouco, a escola pasaba de dúas a catro aulas con máis mestres e mellores medios, e acabou acollendo a nenos de todo o val.

Nunca lle oín ningunha queixa ao noso rapaz sobre o mestre ou os compañeiros, nin no primeiro ano, no que era de fóra da parroquia, nin nos posteriores. Alí sentiuse coma un máis e fixo amigos inesquecibles, dos que fala decote. Non lle importou ter que realizar o percorrido a pé, cando o veciño da moto non ía a Couso. Para el don Olimpio foi un segundo pai, tanto polo que lle esixía nos estudos, como polos consellos que lle daba.

Cando o rapaz foi ao instituto da Estrada seguiu mantendo a relación. El brindáballes a súa casa aos antigos alumnos para que pasasen alí o tempo de descanso do mediodía. Xuntábaos nun cuartíño e botáballes unha man nas dúbidas que tiñan, ao tempo que os axudaba a incorporarse á vida urbana, evitando as consabidas posibilidades de coller malos hábitos. Todos os días, despois de xantar, tiñan aquela porta aberta, e antes de volver para o traballo, o mestre-pai pasaba uns minutos con eles e interesábase por ver como lles ían as cousas.

Pasaron os anos e, coido, que nunca os perdeu de vista. Se non os tiña preto, estou seguro que lle preguntaría a alguén polos seus rapaces. Uns estudaron, outros puxéronse a traballar. Hoxe o meu fillo tamén é mestre e recorda con cobiza aquel modo de ensinar, o respecto mutuo, o tratamento como se fosen persoas xa feitas e as responsabilidades que lles outorgaba.

Don Olimpio non só representa un excelente mestre, tamén foi un pai para moitos rapaces. E aliviou a alma dos que, coma min, nun momento da vida tivemos que emigrar, porque sabíamos que os nosos fillos quedaban en boas mans.



M.^a Carmen Cimadevila Cea, hoxe inspectora de Educación e subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, quere deixar constancia do seu agradecemento, respecto, admiración e afecto por este mestre que tanto a influenciou.

Eu estiven no Colexio Público de Educación Xeral Básica de Couso, en 6.º, 7.º e 8.º de EXB, entre os anos 1972 e 1977. Alí exercía don Olimpio como mestre e director. O primeiro que me vén á cabeza é o respecto que lle tiñamos e que el ía gañando cada día de maneira natural. Coa perspectiva que dá o tempo, creo que foi un adiantado, un conquistador, un visionario.

Conxugou mellor ca ninguén a preservación dos valores e a herdanza cultural, coa apertura do rural á sociedade e ao seu contorno, á comunidade educativa, ás novas tecnoloxías, ao deporte escolar, á innovación, ao teatro e aos concursos literarios.

Era un home de espírito solidario e entrega absoluta aos seus discípulos e ás familias, que nunca escatimaba o tempo. Grazas á súa profesionalidade e carácter innovador estudabamos matemáticas e ciencias, á vez que descubríamos novos horizontes e formas de aprender. Con el soubemos o que significa a colaboración, o traballo en equipo, a participación e a libre expresión, tan descoñecida daquela nas escolas de aldea.

El eliminou os complexos daqueles rapaces e rapazas, amosándonos novas oportunidades, reafirmando a nosa identidade e desenvolvendo o valor da responsabilidade, esforzo e superación persoal. Este é o legado que gardo del, unha ensinanza que me ten acompañado ao longo da vida e que seguirá guiando a miña traxectoria persoal e profesional.

Jesús Souto Rodríguez, amosa desta maneira a súa admiración polo mestre que máis influíu nel.

Olimpio Arca Caldas deixou unha importante pegada nos que tivemos o privilexio de aprender a ler e a escribir na escola de Couso. Nunca esqueceré a súa risa, sonora pero respectuosa, ante as parvadas daqueles cativos aos que trataba como se fosemos fillos seus. Bastáballe a palabra para impoñer orde. Nunca nos ergueu a man (cousa que daquela aínda era práctica habitual nalgunhas escolas) e recórdoo exercendo a súa nobre profesión sempre en galego.

Na miña memoria gardo de modo moi nido o día en que, tendo eu seis ou sete anos, fun un dos elixidos para comparecer ante un grupo de mestres que me fitaban, sentados tras unha longa mesa semicircular, como se fose un consello de guerra. Eu debía responder ás súas preguntas, mentres que me mostraban uns debuxos. Contestei ben as dúas ou tres primeiras, pero rompín a chorar desconsoladamente, cando me amosaron a imaxe dunha árbore na que un neno collía unha mazá e eu contestei que aquilo era... un piñeiro! As súas gargalladas asustáronme de tal maneira que me ruboricei e saín correndo cara ao corredor. Pero logo apareceu don Olimpio para tranquilizarme co seu afectuoso sorriso. Co tempo souben que aquilo era un estudo pedagóxico do Centro de Aptitudes de Mestres da Universidade de Santiago. E tamén caín na conta de que o motivo da miña reacción era a vergoña de terlle fallado a el.

Aínda que nunca perdemos o contacto, o tempo volveu xuntarnos en varias ocasións, moi importantes para min. A primeira cando se inaugurou o Museo do Pobo Estradense, que el fixo posible xunto con Reimóndez Portela. Daquela lera eu na prensa que pedía colaboración para encher de contido a sala. E respondín á súa chamada doando un antigo mapa de Galicia, máis vello ca el e ca min xuntos.

A segunda ten que ver cunha vella fotografía en branco e negro, de principios do século pasado, que eu rescatei do baúl de meu avó, cando morreu. Naquel momento non sabía quen era aquel home con bigote da foto, que tiña escrito por detrás un nome: Bernardo Rodríguez. Gardeina coa esperanza de que algún día puidese descubri-lo, pois tiña o presentimento de que, se meu avó a gardara, quizá fose da miña familia. Aquele misterio desveloumo don Olimpio en 1998 cando publicou o libro Emigrantes sobranceiros. Un dos protagonistas desa publicación era... Bernardo Rodríguez Ribeira, tío de meu avó.

E o meu terceiro encontro especial con el foi cando, hai tres anos, inaugurei na Estrada a primeira das exposicións que fixen coa miña colección de xornais históricos, que logo viaxaría por Galicia, Barcelona e Nova York. Aquele tarde esquecín convidalo. Pero el estaba alí, como está en cada acto cultural que se celebra na súa contorna vital, animando os que fan algo pola cultura, por moi pequeno que sexa. E aquel apoio do meu mestre emocionoume profundamente.

Hoxe teño 39 anos e síntome honrado de contar coa súa consideración persoal. Houbo moitos e moi bos mestres ao longo da miña vida, pero don Olimpio deixoume unha marca especial. Alédame que siga traballando por Galicia, investigando, recuperando e poñendo en valor o noso patrimonio cultural e a nosa identidade, como o fixo xa cos mestres, cos canteiros, con personalidades ilustres...

As obras de Olimpio Arca

Biografías

- *Mestres estradenses que fixeron escola* (1993) A Estrada, Concello da Estrada.
- *Waldo Álvarez Insua* (1997) A Estrada, Asociación de Fillos e Amigos da Estrada.
- *Emigrantes sobranceiros* (1998) Pontevedra, Caixa de Pontevedra.
- *Canteiros de Cuntis* (1998) Cuntis, Concello de Cuntis.
- *Manuel Bergueiro López* (1998) A Estrada, Pelayo Bergueiro.
- *Unha voz... Mary Isaura* (2001) A Estrada, Asociación de Fillos e Amigos da Estrada.
- *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante sobranceiro* (2004) A Estrada, Fundación Cultural A Estrada.
- *Alberto Gómez Reimóndez, avogado e poeta* (2007) Santiago, Ed. de Fermín Gómez e M.^a Carmen Reimóndez.
- *Ramón Vereá. Inventor estradense* (2009) Redondela, Foro Enrique Peinador.

Ensaio

- *Memoria histórica del recreo cultural* (1995) A Estrada, Recreo Cultural da Estrada.
- *O Entroido no Ulla* (1995) Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- *Callejero histórico de la villa de A Estrada* (1996) A Estrada, Concello da Estrada.
- *Certame escolar dos Pereiriños*. A Estrada, Concello da Estrada.
- *Cuntis no recordo* (2000) Cuntis, Concello de Cuntis.

Contos

- *Pedriño* (1992) A Estrada, Edición do autor.
- *O tren* (2003) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *O grilo grileiro* (2004) A Estrada, Editorial Fervenza.

Teatro para ler e para representar

- *Conversas coa nobre dama* (1993) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Pelexa no souto* (2002) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Os reis do Panchiño* (2002) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *O enfermo 4-M* (2003) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Soprar a tempo* (2004) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Mágoas de señoritos e campesinos* (2004) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Carta de América* (2005) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *O señor indiano* (2005) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Parásitos na escola* (2005) A Estrada, Editorial Fervenza.

Premios concedidos á escola de Couso

- II Premio Provincial de Teatro Infantil (1972).
- Dous primeiros premios polos traballos "Cruceiros da Estrada" e "Hórreos del Valle del Veá". Concurso Conocimiento de la Provincia (1973 e 1975).
- III Premio de Lectura Teatral no X Certame Provincial de Teatro infantil (1973).
- II Premio Provincial na categoría de Mimo, no XI Certame Provincial de Teatro de Pontevedra (1974).
- Premio no Concurso Nacional Literario El Príncipe de España (1976)
- Dous segundos premios polos traballos "Algúns castros da Estrada" e "Cruceiros da Estrada" (1976).
- II Premio por "Cruceiros del Ayuntamiento de Cuntis", no concurso Conocimiento de la Provincia (1976).

Algúns dos recoñecementos acadados polo mestre nesa etapa

- Dous votos de grazas: un da Inspección Técnica da Estrada, en 1967, e outro da Inspección Técnica de Pontevedra, en 1977.
- Premio "Día del Maestro", outorgado pola Deputación de Pontevedra.
- Cruz da Orde Civil de Alfonso X el Sabio, en 1977.
- Mestre Exemplar, nomeado polo Museo de Pontevedra, en 1993.

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entrepontes, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reinícianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)